



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 215
22 de novembro de 2017

Fascículo 3



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

▮ Rexeitamento de emendas á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018 [64527](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

▮ **20240 - 12079 (10/PRE-001823)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a paliar os danos provocados polo pedrazo, o día 6 de xullo, nos cultivos agrarios e gandeiros [64532](#)

▮ **20195 - 12371 (10/PRE-002048)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 2 máis

Sobre a avaliación polo Goberno galego da superficie de produción afectada pola sarabia do mes de xullo na comarca da Limia [64534](#)

▮ **20118 - 3744 (10/PRE-002348)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a corrección dos déficits de persoal e das deficiencias do Servizo de Urxencias do novo hospital de Vigo [64537](#)

▮ **20194 - 13588 (10/PRE-004760)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre os mecanismos do Goberno galego para coñecer a expansión da praga que afecta os cítricos, especialmente os limoeiros, e a posta en marcha de programas ou convenios para atopar unha solución a este problema [64539](#)

▮ **20193 - 14699 (10/PRE-004854)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o tipo de medidas adoptadas polo Goberno galego para avaliar e reparar os danos e as perdas ocasionadas polo pedrazo o día 27 de agosto de 2017 nas vendimas dos viticultores do territorio da denominación de orixe Ribeiro [64543](#)

I 20117 - 17721 (10/PRE-005075)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a valoración polo Goberno galego dalgún tipo de actuación inmediata para resolver os problemas existentes no Colexio de Educación Primaria Altamira, de Salceda de Caselas, a posibilidade de dotar de estudos de ensino postobrigatorio esa localidade e, se é o caso, os estudos concretos, así como a de aproveitar con maior eficiencia e sensibilidade o transporte escolar para permitir que o alumnado desa vila poida cursar estudos de bacharelato e de formación profesional nos concellos limítrofes [64547](#)

I 20237 - 17730 (10/PRE-005077)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia dalgunha estratexia ou actuación para a elaboración do estudo de impacto medioambiental para o dique seco de Navantia en Caranza e a súa información respecto da data de inicio das negociacións para o remate do plan industrial, o seu remate definitivo, a publicación e a posta en marcha, así como o orzamento necesario para o seu desenvolvemento [64549](#)

I 20251 - 18955 (10/PRE-005156)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non participar no Fairway (Fórum do Camiño de Santiago) [64551](#)

I 20272 - 18968 (10/PRE-005157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posibilidade de asumir e entender como aceptables para unha óptima calidade asistencial os problemas existentes na atención primaria, as súas previsións referidas ao incremento do investimento específico nela a través do Sergas, a necesidade de máis profesionais, así como o número de centros de saúde iniciados dos previstos nos orzamentos de 2016 e 2017 e os precisos a curto prazo [64555](#)

I 20116 - 18974 (10/PRE-005158)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as previsións do Goberno galego relativas á consideración da posición da cidadanía, os sindicatos, os partidos políticos, as asociacións de doentes e os colectivos de profesionais en relación co Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a súa opinión referida á suficiencia para o debate e aprobación do consenso acadado cos diferentes colectivos ao respecto, así como a necesidade de creación de mesas de traballo coa participación deles para as posibles reformas legais do sistema sanitario galego [64557](#)

I 20115 - 18982 (10/PRE-005159)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da situación do persoal sanitario do Sergas en termos de cantidade e calidade do seu traballo, así como da necesidade de atender as demandas dos representantes dos traballadores de retomar os acordos retributivos paralizados no ano 2010, e as súas previsións en relación coa convocatoria da OPE de Sanidade para o ano 2017, segundo o acordo parlamentario do 21 de marzo do mesmo ano [64559](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**2.3. Réxime e goberno interior****2.3.1. Normas de réxime e goberno interior****2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior**

Escrito do G. P. de En Marea polo que achega corrección ao documento núm. 8863, do 10 de maio de 2017, relativo ao balance e conta de resultados do exercicio 2016 da subvención asignada aos grupos parlamentarios con cargo ao orzamento do Parlamento [64561](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia**3.2. Recursos humanos**

Resolución da Presidencia, do 20 de novembro de 2017, pola que se nomea un técnico superior de asistencia parlamentaria no Servizo de Asistencia Parlamentaria [64530](#)

Resolución da Presidencia, do 20 de novembro de 2017, pola que se nomea un técnico superior de réxime interior no Servizo de Persoal e Réxime Interior [64530](#)

Resolución da Presidencia, do 20 de novembro de 2017, pola que se nomea un técnico de publicacións do Servizo de Publicacións [64531](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Rexeitamento de emendas á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018

O Pleno do Parlamento, na sesión do 20 de novembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento de emendas á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018

- 19214 (10/PL-000007)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018

BOPG nº 197, do 20.10.2017

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Sométense a votación as emendas á totalidade de devolución, e resultan rexeitadas por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 20 de novembro de 2017, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

- 20240 - 12079 (10/PRE-001823)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a paliar os danos provocados polo pedrazo, o día 6 de xullo, nos cultivos agrarios e gandeiros

- 20195 - 12371 (10/PRE-002048)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 2 máis

Sobre a avaliación polo Goberno galego da superficie de produción afectada pola sarabia do mes de xullo na comarca da Limia

- 20118 - 3744 (10/PRE-002348)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a corrección dos déficits de persoal e das deficiencias do Servizo de Urxencias do novo hospital de Vigo

- 20194 - 13588 (10/PRE-004760)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre os mecanismos do Goberno galego para coñecer a expansión da praga que afecta os cítricos, especialmente os limoeiros, e a posta en marcha de programas ou convenios para atopar unha solución a este problema

- 20193 - 14699 (10/PRE-004854)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o tipo de medidas adoptadas polo Goberno galego para avaliar e reparar os danos e as perdas ocasionadas polo pedrazo o día 27 de agosto de 2017 nas vendimas dos viticultores do territorio da denominación de orixe Ribeiro

- 20117 - 17721 (10/PRE-005075)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a valoración polo Goberno galego dalgún tipo de actuación inmediata para resolver os problemas existentes no Colexio de Educación Primaria Altamira, de Salceda de Caselas, a posibilidade de dotar de estudos de ensino postobrigatorio esa localidade e, se é o caso, os estudos concretos, así como a de aproveitar con maior eficiencia e sensibilidade o transporte escolar para permitir que o alumnado desa vila poida cursar estudos de bacharelato e de formación profesional nos concellos limítrofes

- 20237 - 17730 (10/PRE-005077)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia dalgunha estratexia ou actuación para a elaboración do estudo de impacto medioambiental para o dique seco de Navantia en Caranza e a súa información respecto da data de inicio das negociacións para o remate do plan industrial, o seu remate definitivo, a publicación e a posta en marcha, así como o orzamento necesario para o seu desenvolvemento

- 20251 - 18955 (10/PRE-005156)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non participar no Fairway (Fórum do Camiño de Santiago)

- 20272 - 18968 (10/PRE-005157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posibilidade de asumir e entender como aceptables para unha óptima calidade asistencial os problemas existentes na atención primaria, as súas previsións referidas ao incremento do investimento específico nela a través do Sergas, a necesidade de máis profesionais, así como o número de centros de saúde iniciados dos previstos nos orzamentos de 2016 e 2017 e os precisos a curto prazo

- 20116 - 18974 (10/PRE-005158)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as previsións do Goberno galego relativas á consideración da posición da cidadanía, os sindicatos, os partidos políticos, as asociacións de doentes e os colectivos de profesionais en relación co Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a súa opinión referida á suficiencia para o debate e aprobación do consenso acadado cos diferentes colectivos ao respecto, así como a necesidade de creación de mesas de traballo coa participación deles para as posibles reformas legais do sistema sanitario galego

- 20115 - 18982 (10/PRE-005159)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da situación do persoal sanitario do Sergas en termos de cantidade e calidade do seu traballo, así como da necesidade de atender as demandas dos representantes dos traballadores de retomar os acordos retributivos paralizados no ano 2010, e as súas previsións en relación coa convocatoria da OPE de Sanidade para o ano 2017, segundo o acordo parlamentario do 21 de marzo do mesmo ano

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.1. Normas de réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

Escrito do G. P. de En Marea polo que achega corrección ao documento núm. 8863, do 10 de maio de 2017, relativo ao balance e conta de resultados do exercicio 2016 da subvención asignada aos grupos parlamentarios con cargo ao orzamento do Parlamento

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 20 de novembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

Escrito do G.P. de En Marea, polo que se achega corrección ao documento núm. 8863, do 10 de maio de 2017, relativo ao balance e conta de resultados do exercicio 2016 da subvención asignada aos grupos parlamentarios con cargo ao orzamento do Parlamento (doc. núm. 20314)

Tómase coñecemento e ordénase a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no Portal de transparencia da páxina web.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2017
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 20 de novembro de 2017, pola que se nomea un técnico superior de asistencia parlamentaria no Servizo de Asistencia Parlamentaria

No uso das facultades que me confire o Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, o Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia e as bases da convocatoria para a provisión por concurso dos postos de técnico/a asistencia parlamentaria, técnico/a superior de réxime interior e técnico/a de publicacións,

RESOLVO:

Nomear o funcionario do Parlamento de Galicia Santiago González Serrano, co DNI nº 32650154-N, titular do posto de técnico superior do Servizo de Asistencia Parlamentaria.

Contra a presente resolución poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Resolución da Presidencia, do 20 de novembro de 2017, pola que se nomea un técnico superior de réxime interior no Servizo de Persoal e Réxime Interior

No uso das facultades que me confire o Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, o Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia e as bases da convocatoria para a provisión por concurso dos postos de técnico/a asistencia parlamentaria, técnico/a superior de réxime interior e técnico/a de publicacións,

RESOLVO:

Nomear o funcionario do Parlamento de Galicia Martín Nercellas Méndez, co DNI nº 76821387-F, titular do posto de técnico superior do Servizo de Persoal e Réxime Interior.

Contra a presente resolución poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Resolución da Presidencia, do 20 de novembro de 2017, pola que se nomea un técnico de publicacións do Servizo de Publicacións

No uso das facultades que me confire o Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, o Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia e as bases da convocatoria para a provisión por concurso dos postos de técnico/a de asistencia parlamentaria, técnico/a superior de réxime interior e técnico/a de publicacións.

RESOLVO:

Nomear o funcionario do Parlamento de Galicia Antonio Blanco Piñeiro, con DNI nº 36043517-X, titular do posto de técnico do Servizo de Publicacións.

Contra a presente resolución poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 12079**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a paliar os danos provocados polo pedrazo, o día 6 de xullo, nos cultivos agrarios e gandeiros”**, (publicada no BOPG número 152 do 26 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural, a través das oficinas Agrarias Comarcais e os servizos territoriais, está pendente de todos aqueles efectos climáticos adversos que afecten ás nosas producións, e identifica as zonas e os cultivos afectados. Estas valoracións servirán, entre outras cousas, para solicitar a redución dos módulos do IRFF ao Ministerio de Facenda unha vez que soliciten as propostas das comunidades autónomas de cara á declaración da renda do ano 2017.

Así mesmo, a Consellería continua coa súa labor de apoio á contratación de seguros agrarios, adicando cerca de 5 millóns de euros á contratación de pólizas no ano 2017. Ademais este ano a Consellería compensou a baixada do Ministerio á contratación de pólizas, polo que os agricultores e gandeiros galegos non tiveron incrementos de prezo nas súas pólizas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/11/2017 15:17:52



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 12371**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a avaliación polo Goberno galego da superficie de produción afectada pola sarabia do mes de xullo, na comarca da Limia”**, (publicada no BOPG número 153 do 27 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural a través das oficinas Agrarias Comarcais e dos servizos territoriais está pendente de todos aqueles efectos climáticos adversos que afecten ás nosas producións e identifica as zonas e os cultivos afectados. Estas valoracións servirán, entre outras cousas, para solicitar a redución dos módulos do IRFF ao Ministerio de Facenda unha vez que que solicite as propostas das comunidades autónomas de cara á declaración da renda do ano 2017.

As medidas tomadas polo Goberno galego son as mesmas que as tomadas nos outros fenómenos climáticos adversos que tiveron lugar neste ano 2017. A consellería participou en Madrid en varias reunións organizadas polo grupo de traballo de adversidades climáticas do Ministerio de Agricultura, e nestas decidiuse a convocatoria de axudas de liquidez ás explotacións por medio da subvención dos avais a explotacións que tiveron danos climáticos, tanto as que tiveran un seguro contratado como as que non o tiveran.

Así mesmo, realizáronse xestións co IGAPE para a convocatoria dunha liña de axudas de liquidez e moratoria das explotacións afectadas por danos climáticos adversos, saíndo publicada o día 6 de outubro de 2017 a Resolución do 27 de setembro de 2017 pola que se da publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións produtoras e transformadoras de uva e de castañas afectadas polas xeadas e sarabias, e das explotacións produtoras de

pataca, cereal, horta e froiteiras afectadas pola sarabia, instrumentadas mediante convenio de colaboración subscrito coas entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

Por outra parte a Consellería continua coa súa labor de apoio á contratación de seguros agrarios destinando cerca de 5 millóns de euros á contratación de pólizas nos anos 2017 e 2018. Ademais este ano a Consellería compensou a baixada do Ministerio á contratación de pólizas polo que os agricultores e gandeiros galegos non tiveron incrementos de prezo nas súas pólizas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/11/2017 15:16:19



Asunto: Solicitud de documentación

En relación co seu escrito con rexistro de saída número **3744** (rexistro de entrada número **13017**) polo que esa Presidencia do Parlamento de Galicia da traslado á petición de documentación sobre **“Copia do expediente de inicio de retirada do fondo do mar, dos restos do buque "Casón", afundido nas nosas costas no ano 1987.”** -formulada por dona María Dolores Toja Suárez, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia-, teño a honra de trasladarlle, en virtude do disposto no artigo 9.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería do Mar nos seguintes termos:

“A Consellería do Mar informa que, con respecto á petición do expediente de inicio de retirada do fondo do mar dos restos do buque “Casón”, non existe expediente do inicio da devandita retirada dos restos, por non ser esta Administración a competente para promoverlo, tendo que ter en conta a seguinte lexislación en materia de extraccións mariñas:

- a. Ley 60/1962, de 24 de diciembre, sobre el régimen de auxilios, salvamentos, remolques, hallazgos y extracciones marítimos.*
- b. Ley 27/1992, de 24 de noviembre, de Puertos del Estado y de la Marina Mercante. Norma derogada.*
- c. Real Decreto Legislativo 2/2011, de 5 de septiembre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante.*
- d. Ley 14/2014, de 24 de julio, de Navegación Marítima.”*

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/11/2017 9:54:50



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 13588**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre **“os mecanismos do goberno galego para coñecer a expansión da praga que afecta aos cítricos (especialmente aos limoeiros) e a posta en marcha de programas ou convenios para atopar unha solución a este problema”**, (publicada no BOPG número 168 do 4 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A *Trioza erytrae* Del Guercio, é un pequeno insecto que se alimenta da zume dos cítricos. Orixinario de África e amplamente distribuído nese continente, foi detectado en Europa inicialmente nos territorios insulares das Azores, Madeira e Canarias.

A *Trioza erytrae* Del Guercio é unha praga incluída na lista A2 da EPPO (European Plant Protection Organization) e a enfermidade que transmite, chamada Huanglongbing (HLB), causada pola bacteria *Candidatus liberibacter africanus*, está encadrada na lista A1 (EPPO, 2014), polo que son parasitos de corentena sometidos a regulación, e que polo tanto é necesario tomar medidas para a súa erradicación e control.

En prospeccións realizadas detectouse a presenza da *Trioza erytrae* nas comarcas de Arousa, Pontevedra e Vigo. Por iso, e dende a súa aparición publicáronse no DOGA diversas resolucións nas que se declaraba a praga e se establecían medidas de obrigado cumprimento, tanto para os propietarios das árbores afectadas como para os profesionais que comercializan con estas especies, determinándose as zonas demarcadas nas que era obrigatorio seguir esas recomendacións.

Estas resolucións son as seguintes:

- Resolución de 10 de Febreiro de 2015 da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, pola que se declara a presenza da praga de corentena denominada *Trioza erytrae* Del

Guercio ou psílido africano dos cítricos e se adoptan medidas urxentes para a súa erradicación e control na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Resolución do 1 de Xullo de 2015, da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, pola que se establecen as zonas demarcadas pola presenza da praga de corentena denominada Trioza erytrae Del Guercio ou psílido africano dos cítricos e se adoptan medidas urxentes para a súa erradicación e control na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución de 11 de Febreiro de 2016, da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se amplían as zonas demarcadas por presenza da praga de corentena denominada Trioza erytrae Del Guercio ou psílido africano dos cítricos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 1 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se amplían as zonas demarcadas por presenza da praga de corentena denominada Trioza erytrae Del Guercio ou psílido africano dos cítricos na Comunidade Autónoma de Galicia.

O inicio dos traballos consistiron en establecer unha zona demarcada para a realización dos mesmos. A mencionada zona foi delimitada a partir dos puntos nos cales se localizou a presenza de Trioza erytrae na anualidade 2015, considerando como parroquias afectadas aquelas que se encontran dentro de 3 km ó redor do punto positivo.

A zona demarcada encontrase localizada nas provincias da Coruña e Pontevedra, no entorno da ría de Arousa. Durante toda a anualidade 2015 realizáronse mostraxes, incrementando a zona demarcada inicialmente.

Así mesmo, na Resolución do 11 de febreiro de 2016 incrementábase novamente a zona demarcada e vólvese incrementar na Resolución do 1 de xuño de 2017.

O total de árbores inspeccionadas no 2015 foi de 5.464, das cales se tomaron mostra en 2.708 deles, no 2016 foi de 1.543, tomándose mostra en 1.475 árbores e no que vai do ano 2017 foi de 1.778 árbores, sendo tomadas mostraxes en 761.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20194
Data envío: 13/11/2017 15:16:14.355

En 2015 os tratamentos fitosanitarios foron enfocados a intentar erradicar a praga nas zonas mais afectadas nese momento. Realizáronse tratamentos fitosanitarios nun total de 3.023 árbores, con distintos produtos fitosanitarios (Movento, Confidor, Align e Actara 25WG.) e durante o ano 2016 os tratamentos enfocáronse en intentar frear o avance da praga cara o interior da Comunidade Autónoma de Galicia, e tratáronse un total de 13.071 árbores.

A Consellería do Medio Rural participa en diversas iniciativas con laboratorios e Centros de Investigación mediante a solicitude de autorización de importación do organismo de control biolóxico 'tamarixia Dryi', coordinado polo Instituto Valenciano de Investigaciones Agrarias (IVIA) e coa participación da Estación Fitopatolóxica do Areeiro que pertencente á Deputación de Pontevedra. Os ditos ensaios leváronse a cabo en Galicia, en concreto na Estación Fitopatolóxica de Areeiro, para intentar buscar un parasito natural que poida competir con este.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: c4830291-9af4-1291-62e3-bb6089e9f7a1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/11/2017 15:16:07



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 14699**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o tipo de medidas adoptadas polo Goberno galego para avaliar e reparar os danos e perdas ocasionadas polo pedrazo o día 27 de agosto de 2017 nas colleitas dos viticultores do territorio da denominación de orixe Ribeiro”**, (publicada no BOPG número 170 do 6 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2017 tiveron lugar varios fenómenos climáticos adversos que afectaron a determinadas comarcas de Galicia, con especial incidencia na provincia de Ourense e no interior da provincia de Lugo. A produción mais afectada foi o viñedo nas catro denominacións de orixe de viño presentes nestas zonas, é dicir, Ribeiro, Valdeorras, Ribeira Sacra e Monterrei.

Os fenómenos que mais afectaron foron as xeadas de finais de abril, nun momento no que as viñas estaban cos acios xa formados, e posteriormente a finais de agosto, polos fenómenos treboentos acompañados de saraiba que produciron danos nos acios que estaban xa na última fase de maduración antes da colleita.

A Xunta de Galicia estivo desde o primeiro día actuando en colaboración con todas as denominacións de orixe afectadas, para valorar e intentar minimizar no posible os danos producidos por estas xeadas de finais de abril de 2017. Dado o estado de brotación das viñas nese momento, no que se xearon moitos dos acios, a Consellería do Medio Rural en colaboración cos técnicos da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia en Leiro, editaron unhas recomendacións para realizar unha repoda o mais axiña posible, para intentar provocar unha nova brotación nas viñas. Ademais destas recomendacións, realizouse unha xornada formativa nesta estación, á que asistiron todos aqueles viticultores que o solicitaron.

Por outra parte, na orde de axudas de reconversión e reestruturación de viñedo publicada con posterioridade a estes danos, priorizáronse as axudas aos viñedos que estiveran en zonas afectadas polas xeadas e tiveran danos nas súas viñas.

Inmediatamente despois destes fenómenos climáticos convocouse a Comisión Territorial de Seguros Agrarios para estudar a situación das liñas de seguros de uva para vinificación, coa presenza do presidente de ENESA e a directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias. Nesta reunión propúxose por parte das Organizacións Agrarias a necesidade de actualizar estas liñas de seguros para adaptarse á realidade de cada denominación de orixe, tanto no que se refire á actualización dos prezos da uva como dos rendementos das mesmas.

A continuación desta Comisión tivo lugar una reunión coas 5 denominacións de orixe, ás que se lles trasladou a necesidade de que realizaran as súas propostas para poder actualizar a liña para a campaña 2017/2018. Estas D.O. así o fixeron, e por parte da Consellería do Medio Rural enviáronse estas propostas á ENESA, que procedeu a actualizar os prezos da maioría das variedades nestas D.O.

O día 30 de setembro saíu publicada no BOE a 'Orde APM/912/2017, de 12 de setembro pola que se definen os bens e rendementos asegurables, as condicións técnicas mínimas de cultivo, o ámbito de aplicación, os períodos de garantía, as datas de subscripción e os prezos unitarios do seguro base con garantías adicionais para uva de vinificación na Península e na Comunidade Autónoma das Illes Balears, comprendido no trixésimo octavo Plan de Seguros Agrarios Combinados.'

Ademais, a Consellería do Medio Rural participou en Madrid en varias reunións organizadas polo grupo de traballo de adversidades climáticas do Ministerio de Agricultura, e nestas decidiuse a convocatoria de axudas de liquidez ás explotacións por medio da subvención dos avais a explotacións que tiveron danos climáticos, tanto as que tiveran un seguro contratado como as que non o tiveran.

Así mesmo, realizáronse xestións co IGAPE para a convocatoria dunha liña de axudas de liquidez e moratoria das explotacións afectadas por danos climáticos adversos, saíndo publicada o día 6 de outubro de 2017 a Resolución do 27 de setembro de 2017 pola que se da publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións produtoras e



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

transformadoras de uva e de castañas afectadas polas xeadas e sarabias, e das explotacións produtoras de pataca, cereal, horta e froiteiras afectadas pola sarabia, instrumentadas mediante convenio de colaboración subscrito coas entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

Por outra parte a Consellería continua co seu labor de apoio á contratación de seguros agrarios destinando cerca de 5 millóns de euros á contratación de pólizas nos anos 2017 e 2018. Ademais este ano a Consellería compensou a baixada do Ministerio á contratación de pólizas polo que os agricultores e gandeiros galegos non tiveron incrementos de prezo nas súas pólizas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/11/2017 15:15:34



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 17721**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“a valoración polo Goberno galego dalgún tipo de actuación inmediata para resolver os problemas existentes no Colexio de Educación Primaria Altamira, de Salceda de Caselas, a posibilidade de dotar de estudos de ensino post obrigatorio a esa localidade e, se é o caso, os estudos concretos, así como a de aproveitar con maior eficiencia e sensibilidade o transporte escolar para permitir que o alumnado desa vila poida cursar estudos de bacharelato e de formación profesional nos concellos limítrofes”**, (publicada no BOPG número 188 do 6 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 7.11.2017- ao darlle resposta á pregunta 17719 sobre o mesmo tema e formulada polos mesmos deputados.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/11/2017 9:54:40



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 17730**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Francisco Casal Vidal, sobre **“a posta en marcha pola Xunta de Galicia dalgunha estratexia ou actuación para a elaboración do estudo de impacto medioambiental para o dique seco de Navantia en Caranza, e a súa información respecto da data de inicio das negociacións para o remate do plan industrial, o seu remate definitivo, publicación e posta en marcha, así como o orzamento necesario para o seu desenvolvemento”**, (publicada no BOPG número 188 do 6 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), con motivo do debate da pregunta 17729 que tivo lugar na sesión do 3 de novembro de 2017 da Comisión 6º de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2017-11-03?part=7f051880-192c-4595-b085-9af5c107ff0f&start=2993.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/11/2017 15:05:15



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 18955**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para non participar no Fairway (Forum do Camiño de Santiago)”**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia** que ten o seguinte contido:

“O II Fórum do Camiño de Santiago Fairway tivo lugar en Santiago de Compostela do 12 ao 14 de novembro.

A Xunta de Galicia si participou nesta cita empresarial. De feito interviu en ata catro mesas de debate e un panel. Neles tivo destacada presenza o xerente da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Rafael Sánchez, e persoal técnico. (En concreto, Rafael Sánchez, xerente do Xacobeo, participou no panel *Camiño Outsides: outros aspectos do Camiño* o día 14 ás 10,00 horas. E tamén nas seguintes mesas de debate: *Capacidade de carga e capacidade de acollida no Camiño Francés*, día 13 ás 16,00 horas, *Planificación, coordinación e dixitalización: Camiño Inglés*, día 13 ás 18,00 horas e *Investir no Camiño: Camiño Francés*, día 14 ás 16,00 horas.

Ademais, o técnico Xosé Manuel Merelles, responsable da Área de Comunicación do departamento de Promoción de Turismo de Galicia, participou na mesa *Marca Galicia. Marca Camiño: Camiño de Fisterra-Muxía*, o 14 de novembro, ás 18,00 horas).

Desde a Xunta de Galicia celebramos que existan iniciativas privadas arredor do Camiño de Santiago. Pero, aínda que participemos do espírito de moitas delas, é imposible implicarse en todas coa mesma intensidade. Cando nesta pregunta se fai fincapé' sobre as razóns da Xunta de Galicia para non participar no Fairway' despois do dito, cabería pensar que a única acepción do verbo participar á que se refiren é á relacionada coa colaboración económica.

Aínda así, sinalar que o evento do que estamos a falar tamén recibe aportacións dos orzamentos da Xunta de Galicia correspondentes ao presente exercicio. Asinamos convenios con diferentes administracións, entidades e tamén co sector, a través do Clúster de Turismo, que aglutina ás empresas que desenvolven a súa actividade dentro do eido turístico da nosa Comunidade. Este convenio permite que o citado evento que está impulsado por tres empresas deste ámbito, reciba unha achega económica de 2.114,1€ .

A organización pediunos en xuño un maior financiamento e nós estaríamos encantados de poder contribuír co máximo posible en cada proposta deste tipo que recibimos, que son moitas. O Camiño de Santiago está de moda entre os peregrinos de 179 países e tamén entre as empresas, que atopan novas oportunidades de negocio. Por suposto, aplaudimos este emprendemento, pero reiteramos que sería imposible chegar a todo.

Os cartos da Xunta de Galicia son de todos os galegos e temos a obriga de administralos dun modo rigoroso. Estamos a falar dunha iniciativa privada e consolidada, que xa non precisa apoio para o seu desenvolvemento como no seu primeiro ano. Amais, aínda que esa opción puidera terse dado, os orzamentos para este 2017 estaban xa comprometidos e non era posible unha alteración dos mesmos, pois suporía modificar os compromisos xa adquiridos.

Por outra parte, salvo que os organizadores dun evento destas características poidan xustificar unha exclusividade para a súa organización, a Xunta de Galicia non pode financiarlo e, no caso que nos ocupa, esa exclusividade non se dá. Pese a todo, agardamos que se acaden os obxectivos que os organizadores se fixaron posto que consideramos que se trata dunha iniciativa positiva para Galicia a para a súa capital. De non ser así, non participaríamos nela.

En Turismo de Galicia tentamos priorizar estratexicamente o que se considera máis beneficioso para o interese nun eido como é o turístico, no que realizamos un constante e amplo traballo de promoción do Camiño de Santiago en particular e da nosa Comunidade en xeral. Cada ano acudimos a medio centenar de feiras nacionais e internacionais.

Investir en accións promocionais fóra de Galicia é fundamental para acadar os retos fixados na nosa Estratexia de turismo de Galicia 2020, entre os que se atopa que a nosa Comunidade sexa cada vez un destino máis internacionalizado. En concreto, queremos que



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

o turista estranxeiro presente, ao final deste período, o 33,3% dos nosos viaxeiros, cun total de 2 millóns.

Nese camiño, continuaremos a apoiar iniciativas turísticas con independencia de quen as promova.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2017 10:09:55



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **18968**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da posibilidade de asumir e entender como aceptables para unha óptima calidade asistencial os problemas existentes na atención primaria, as súas previsións referidas ao incremento do investimento específico nela a través do Sergas e a necesidade de máis profesionais, así como o número de centros de saúde iniciados dos previstos nos orzamentos de 2016 e 2017 e os precisos a curto prazo”**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento co gallo da comparecencia do conselleiro de Sanidade na sesión da Comisión 3ª celebrada o 27 de outubro de 2017 para informar do proxecto de orzamentos do seu departamento para o ano 2018.

Na mesma tamén informou do orzamento previsto para os novos centros de Saúde en construción ou que se van construír.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/11/2017 17:33:40



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 18974**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións do Goberno galego relativas á consideración da posición da cidadanía, os sindicatos, os partidos políticos, as asociacións de doentes e os colectivos de profesionais en relación co Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a súa opinión referida á suficiencia para o seu debate e aprobación do consenso acadado cos diferentes colectivos ao respecto, así como a necesidade de creación de mesas de traballo coa participación deles para as posibles reformas legais do sistema sanitario galego”**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 12.09.2017- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta ás interpelacións 13965 e 14385 sobre similar tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/11/2017 9:54:28



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **18982**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da situación do persoal sanitario do Sergas en termos de cantidade e calidade do seu traballo, así como da necesidade de atender as demandas dos representantes dos traballadores de retomar os acordos retributivos paralizados no ano 2010, e as súas previsións en relación coa convocatoria da OPE de Sanidade para o ano 2017 segundo o acordo parlamentario do 21 de marzo do mesmo ano”**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade** que ten o seguinte contido:

“Na comparecencia na Comisión 3ª para explicar o proxecto de orzamentos para o 2018, celebrada o venres 27 de outubro, o conselleiro de Sanidade xa explicou que se estará en disposición de levar a cabo o compromiso de duplicar na OPE de 2017 o total da oferta do ano 2016, polo que no mes de novembro publicarase o Decreto OPE 2017 cun total de 1.616 prazas. Así mesmo, no horizonte 2017-2020, a través de novas ofertas, arredor de 5.000 persoas poderán acceder a unha praza estable.

As negociacións entre o Sergas e os distintos sindicatos lévanse a cabo a través das xuntanzas da Mesa Sectorial nas que se establece un calendario de negociacións de temas de especial interese.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/11/2017 9:53:45

Á MESA DO PARLAMENTO

O GRUPO PARLAMENTARIO DE EN MAREA, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, en cumprimento do acordo da Mesa do Parlamento, de 24 de abril de 2017, (doc. núm. de rexistro de saída 2433, de 25-04-2017), ADXUNTA a contabilidade requirida a este Grupo Parlamentario relativa ao ano 2016, nos modelos de balance e de conta de resultados, **co rogo de que sexa substituída polo documento de entrada número 8863 de data 10-05-2017**, por conter erros o devandito documento.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2017.

BALANCE DE SITUACIÓN	
ACTIVO	
A) ACTIVO NON CORRENTE	
I. Inmobilizado	
II. Investimentos financeiros a longo prazo	
B) ACTIVO CORRENTE	46.578,22
I. Existencias	
II. Debedores e outras contas a cobrar	
III. Investimentos financeiros a curto prazo	
IV. Periodificacións a curto prazo	
V. Tesouraría	
	46.578,22
TOTAL ACTIVO (A+B)	46.578,22


PATRIMONIO NETO E PASIVO	
A) PATRIMONIO NETO	30.482,63
A-1) Patrimonio xerado	30.482,63
I. Excedentes anteriores	
II. Excedentes do exercicio	
A-2) Variacións patrimoniais pendentes de imputación a resultados	30.482,63
B) PASIVO NON CORRENTE	0,00
I. Provisións a longo prazo	
II. Débedas a longo prazo	
C) PASIVO CORRENTE	16.095,59
I. Provisións a curto prazo	
II. Débedas a curto prazo	
III. Acredores e outras contas a pagar	
IV. Periodificacións a curto prazo	
	16.095,59
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	46.578,22

CONTA DE RESULTADOS DO GRUPO PARLAMENTARIO DE EN MAREA
2016

CONTA DE RESULTADOS		
1. Ingresos de orixe pública	(Debe)	Haber
A) TOTAL INGRESOS DA XESTIÓN ORDINARIA		96.602,25
2. Gastos de persoal.....	48.534,76	
3. Achegas a formación política.....	15,000,00	
4. Gastos da actividade ordinaria.....	2.584,86	
5. Amortización do inmovilizado		
B) TOTAL GASTOS DA XESTIÓN (2+3+4+5)	66.119,62	
I. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO DA ACTIVIDADE ORDINARIA (A+B)		
6. Deterioración e resultado por alleamentos do inmovilizado		
II. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DA ACTIVIDADE NON ELECTORAL (I+6)		
7. Gastos financeiros		
8. Ingresos financeiros		
III. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (7+8)		
IV. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DO EXERCICIO (II+III)		30.482,63

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 16/11/2017 16:47:38



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727